

## 1959-1978. O MARCO LEGISLATIVO REPRESIVO DO FRANQUISMO

Bernardo Máiz Vázquez

Fundación Galiza Sempre



*España é a demostración de que a Forza é superior á Razón.* (Albert Camus, 1958)

Na historia nada sucede de repente, o bo e o malo do pasado maniféstase e pervive, acumulativamente, nas etapas posteriores. En atención aos cambios históricos internacionais e á dinámica interna do franquismo, podemos dividir a case unicidade legal e práctica dos corenta anos da ditadura franquista en tres períodos, lexislativamente complementarios, como veremos: un **primeiro**, ou da lexislación de guerra e da constitución do *Nuevo Estado* (1936-1958), un **segundo**, ou do franquismo consolidado (1959-1968), e un **terceiro**, que abrangue os últimos anos de vida do Xeneral Franco e o postfranquismo; aínda que o título desta conferencia fai referencia aos dous segundos, eles non serían intelixibles sen desenvolver o primeiro. Non me corresponde nesta ocasión analizar a oposición antifranquista, a resistencia, a clandestinidade, tampouco a propia urdime do réxime, mais coido oportuno subliñar que se o franquismo tiña os seus apoios fundamentais no denominado “bloque de poder” ou “poderes fácticos” (o triángulo Exército, Igrexa Católica e oligarquias económicas), tamén amplísimos sectores das clases medias aceptaban as teses do réxime e estaban acomodados nel.

O franquismo artellou no **primeiro período** unha rede normativa, unha lexislación que sabemos sempre ilexítima como propia dun réxime saído dun golpe militar e dunha guerra contra unha democrática Segunda República, un réxime que se perpetuou do mesmo antidemocrático xeito, un sistema no que a cidadanía carecíamos das mínimas garantías públicas e xurídicas. Dende o mesmo Bando de Guerra de xullo do 1936 ata o final do réxime (que non se produciu en novembro de 1975, senón que como postfranquismo durou alomenos ata 1978, 1981, ...), no eido lexislativo reloucan constantemente as bases ideolóxicas franquistas, canda expresamente totalitarias (abonda coas expresións recollidas no *Fuero del Trabajo* de Marzo do 1938, onde di que *El Estado Nacional, ... es instrumento totalitario*; tamén na lei de marzo do 1941 reorganizando os servicios policiais, para exercer *una vigilancia permanente y total ... que en los estados totalitarios se logra merced a una acertada combinación de técnica perfecta y de lealtad que ... de vida a la policía política*; ben perceptible na primeira redacción do *Fuero de los españoles* de 1945, na

definición da *FET-JONS* primeiro e do *Movimiento Nacional* en 1958 como partido único), ou canda basearon na familia, no municipio e no sindicato único e vertical, aquela súa pintoresca democracia orgánica.

Como galego debo citar aqueloutra normativa referida á unha única lingua española por decretos e ordes de 1938 (*la España de Franco no puede tolerar agresiones contra la unidad del idioma*), confirmados por unha orde do 16 de maio do 1940 que precisaba era *Para desarraigar dialectos y vicios del lenguaje que trascienden coercitivamente del ámbito de lo privado, aínda que admitíran el uso literario de los dialectos regionales cuando ello tenga justificación histórica ... o esté en boca de personajes populares*; no eido educativo esa imposición lingüística do español está recollida nunha orde de xullo do 1937 prohibindo a docencia noutro idioma, na lei de setembro do 1938 reguladora do ensino medio ditando que *la única lengua española es la castellana*, e na lei de xullo do 1945 para o ensino primario, artículo 7º, que di que *la lengua española es la única lengua nacional*; esa lexislación non foi modificada até o tímido decreto de outubro do 1975 sobre *Usos de las Lenguas Regionales*.

É de subliñar que moita normativa desta xeira 1936-1958 mantivo a súa vixencia (ou era interesadamente rescatada) ata 1978-1980. Sirvan como exemplo a aplicación oportunista ata 1979 da *Ley de bases de Régimen Local* de xullo do 1945 para adiar as eleccións municipais ata despois das primeiras lexislativas que gañou a UCD de Adolfo Suárez. A orde de 1 de outubro do 1937 establecendo o *Servicio Social de la Mujer*, obrigatorio ata o 12 de agosto do 1978. A lei de *Censura Cinematográfica* de xuño do 1946 coa cualificación “moral” (sic) e a obrigatoriedade da dobraxe ao español, aínda non derogada. A lei do 14 de xaneiro do 1941 para *la protección de la natalidad y castigo de la divulgación pública, en cualquier forma que se realizare, de medios o procedimientos para evitar la procreación, así como todo género de propaganda anticoncepcionista*. A asunción perpétua do *Decreto-ley sobre Represión de los Delitos de Bandidaje y Terrorismo* de abril do 1947 combinada a conveniencia coa *Ley sobre vagos y maleantes* de xullo do 1954, que misturaba *homosexuales, rufianes, proxenetas* co terrorismo, corrixida e aumentada en agosto do 1970 como lei de *peligrosidad social*. A imposición da doutrina da Igrexa Católica na lexislación educativa, por exemplo na lei do 17 de Xullo do 1945 para o ensino primario e só

parcialmente anulada en 1967; o *Reglamento de disciplina académica* de setembro do 1954, aplicado duramente ata 1977. Finalmente, e mesmo despois da creación do TOP en 1963, seguiu activa a denominada *Jurisdicción especial para actividades extremistas*, creada por decreto do 24 de Xaneiro do 1958, e que di: *El Coronel de Infantería Don Enrique Eymar Fernández es nombrado Juez Militar especial con Jurisdicción sobre todo el territorio nacional en lo que concierne al procedimiento a aplicar a las actividades extremistas*, un extremismo que era o que eles consideraban e practicaban.

Como quedou sinalado, o **segundo periodo**, a etapa do “nacional-catolicismo”, a pouco da “democracia orgánica” (así expresada na *Ley Orgánica del Estado* de novembro do 1966), tivo a súa formulación nos *Principios Fundamentales del Movimiento* de Maio do 1958, en palabras de Manuel Fraga Iribarne *comunidad de los españoles en los ideales que dieron vida a la Cruzada* (Revista Arbor, 1958), mais tamén na *Ley de Convenios Colectivos Sindicales* de abril dese mesmo 1958, fenda utilizada, como dixemos, para iniciar o PCE un sindicalismo por forza clandestino. Asumindo toda a lexislación represiva anterior, destaca a lei *de Orden Público* do 30 de Xullo do 1959 ... *para hacer frente a casos de anormalidad política*, especialmente (no art.2) todo o que afectara a *la unidad espiritual, nacional, política y social de España*; esa lei, adaptada na lei *de Represión de la Rebelión Militar, Bandidaje y Terrorismo* de Setembro do 1960, que regulamentaba os denominados estados de excepción (once até 1975, significaban a supresións das escasas garantías recollidas en el *Fuero de los Españoles*), apuntaba á separación das xurisdicións civil e militar, dando paso por Decreto do 21 de Setembro do 1963 ao *Tribunal de Orden Público* (TOP), creado *para juzgar los delitos singularizados por la tendencia en mayor o menor gravedad a subvertir los principios básicos del Estado, perturbar el orden público o sembrar la zozobra en la conciencia nacional*, aínda que mantiveron baixo xurisdición militar *aquellos delitos que afectando al orden público le están atribuidos*.

Completa este apartado a *Ley de Prensa* de marzo do 1966, que, eliminando a censura previa das publicacións periódicas escritas, mantíñaas para as infantís e xuvenís, para o cine, teatro, radio e espectáculos musicais; O que chamaban “aperturismo” (sic) deu pe á lei *Reguladora del derecho civil a la libertad en materia*

*religiosa* de xuño do 1967, que, considerando ás confesións non católicas como asociacións civís, introducía o matrimonio civil (derogado en xullo do 1938), pero só se nengún dos contraentes era católico, mais fincaba un ensino sempre axustado *a los principios del dogma y de la moral de la Iglesia Católica*. Asemade, un decreto de febreiro do 1967 colocou na ilegalidade absoluta *a los denominados sindicatos o Comisiones de Obreros* e, no mesmo eido represivo, o movemento estudantil pasou ser materia policial por unha orde de xaneiro do 1968 que creaba nas universidades servicios especiais da Brigada Político-Social, *a disposición de los Rectores y Decanos*. E non esquezamos a promulgación en Abril do 1968 da *Ley de Secretos Oficiales*, uns “clasificados” e outros “reservados”, estorbando fortemente o moi escaso dereito á información.

Nesa década dos sesenta e nos primeiros setenta Galiza, España, non eran as da postguerra, da fame, do brazo en alto, do discurso *falangista*, do tabaco de picadura, da guerrilla, ... Mesmo cambiaran aparentemente os gobernantes, mandaban aqueles “tecnócratas” de traxe gris e inspiración opusiana, que co *Plan de Estabilización* de 1959 querían modernizar as estruturas económicas, abrilas ao gran capital transnacional, exportar emigrantes á Europa desenvolvida, acoller turistas, pero que, con todo, só desexaban cambiar as formas e non o fondo, as relacións de poder, sen decatarse de que a sociedade tamén cambiaba. Eran persoas grises nun país gris, mais nun país no que ao se anovar a economía con grandes empresas (Pescanova, Fenosa, Astano, Citröen, ...) cambiaban os procesos produtivos, medraba a clase obreira e, en consecuencia, cambiaban as mentalidades e as reivindicacións. Naquel tempo íamos chegando á vida adulta quen non vivíramos a guerra nin a postguerra, e daquela, quen como estudante, quen como emigrante, quen como proletario, estabamos mellor informados que a xeneración anterior, non tiñamos os seus lóxicos medos, mesmo usabamos unha nova estética, que non sempre correspondía a unha nova ética; moitos grimabamos daquel tremendo españolismo uniformizador que nos negaba como pobo, daquela relixiosidade católica tan opresiva como reaccionaria, daquela censura tan ridícula, daquela mesquiña represión sexual. Non eramos exactamente *roxos* nin *separatistas* (verdadeiramente, poucos había), eramos contestatarios, a maioría só

tiñamos anxeios de democracia, de liberdade, queriamos ser como os nosos contemporáneos franceses, ingleses, ...

Tamén variara a oposición antifranquista organizada, que se na década dos corenta e primeiros cincuenta fora case exclusivamente armada, protagonizada fundamentalmente polo Partido Comunista, que dende 1959, actuando como a vella toupa marxista, ía infiltrándose no aparato sindical vertical, a pouco no estudantado e nos movementos sociais. Por xunto esa oposición estaba conformada en primeiro e destacado lugar por un activísimo movemento obreiro, despois polo movemento estudantil e en terceiro lugar polos intelectuais, na Galiza en compañía (paralela ás veces, sempre complementaria) dun nacionalismo renascido, con baseamento teórico na tradición e na revolución, creador de conciencia de nós.

No **terceiro período** rexía -por non derogada- a maior parte da lexislación anterior, polo que foron editadas un menor número de leis. Nesta xeira, os últimos anos do goberno de Francisco Franco e os primeiros do postfranquismo, realizaron unha operación de transformismo persoas formadas ao servizo de Franco, desexando dar unha aparencia de modernidade a un sistema político estático que sabían se extinguiría máis cedo ou máis tarde após a morte do xeneral Franco Actuando ás arroutadas represivo/permisivas, en correspondencia a unha contestación popular que ía a máis, manifesta no limpo ronsel da inxenua e concienciadora labarada do 1968, na potencia reivindicativa sindical, no asociacionismo, na imparabile galeguización social, no xermolar do feminismo organizado, e -para tantos- na perda do medo.

O decreto do 31 de Marzo do 1969, con prescripción dos delitos anteriores a 1939 pois coidaban *consolidada la legitimidad de nuestro Movimiento*, tivo o seu contrapunto na *Ley Sindical* de febreiro do 1971, fortemente contestada internacionalmente pola OIT e internamente por un movemento obreiro forzosamente clandestino. Aínda máis significativo dunha situación lexislativamente estática foi a lei do 15 de Novembro do 1971 que reiteraba e ampliaba a ilegalidade dos partidos e sindicatos democráticos “antigos” (PC, PSOE, IR,...; UGT, CNT, CCOO), e incluía novas organizacións percibidas polos servizos policiais como perigosamente activas, nomeadamente partidos da esquerda comunista (ORT, LCR, MC, PCI, ...), e outras (UPG, ETA) definidas nesa lei como organizacións separatistas. Certamente, signo de

modernización técnica represiva foi a creación por orde do 16 de novembro do 1971 dun centro de proceso de datos no Ministerio da Gobernación.

Nunha actitude ás veces atoutiñante entre a permisividade e a represión, destaca especialmente a morte de dous traballadores tiroteados en Ferrol en marzo do 1972, a dun estudante en Santiago no mes de decembro dese mesmo ano; a execución de Heinz Chez e Puig Antich en marzo do 1974; o asasinato policial de Xosé Ramón Reboiras Noia en Ferrol en agosto do 1975, a execución nese setembro de cinco antifranquistas. A esas e outras moitas barbaridades opúñanse persoas activamente antifranquistas, que non era só unha primeira liña propia dos máis concienciados e organizados politicamente, senón voz agrupada na consigna -unitaria e mínima- de amnistía e liberdade, e actitudes partilladas por sectores sociais cada vez máis amplos, por asociacións culturais, entidades veciñais, certos colexios de avogados, unha minoría do clero católico, mesmo algúns militares influidos pola Revolución Portuguesa de abril do 1974, ... Seguramente a conta desa concienciación progresiva que facía medrar as protestas, o Ministerio da Gobernación consideraba nunha circular de xaneiro do 1974 *de interés preferente el mantenimiento del orden público*.

As normas máis significadas foron o pintoresco *Estatuto Jurídico del Derecho a la Asociación Política* de decembro do 1974 ao que se acolleron os franquistas menos recalcitrantes e ninguén máis; tamén a regulamentación laboral “aperturista” en maio do 1975 dos que denominaban eufemisticamente *conflictos colectivos*, recoñecendo dese xeito un certo dereito á folga, só laboral, claro. Porén, certamente contradictorio co mentado “aperturismo”, e nunha situación de perceptible violencia, o *Decreto-Ley sobre prevención del terrorismo*, aprobado en Consello de Ministros celebrado en A Coruña o 26 de agosto do 1975, asumía toda a lexislación represiva anterior. Nesa situación xurídica, cunha fortísima e imparabile contestación popular contra o sistema, protestas que eran recollidas ás veces por unha prensa que conseguía canear unha censura errática, Francisco Franco morreu o 20 de novembro do 1975. Abríase unha etapa na que, esperanzadamente, moitos mesmo críamos posible a revolución, a ruptura democrática, o autogoberno, ...

Para analizar a xénese do postfraquismo coido oportuno citar a Vicenç Navarro: *No creo que haga falta recordar que uno de los primeros juramentos del nuevo jefe del*

*estado, el Monarca, en 1975, fue el de lealtad al Movimiento Nacional, encargando la reforma política al que era dirigente del Movimiento Nacional, Adolfo Suárez, ....* A realidade política era que despois da morte de Francisco Franco continuaban gobernando coa mesma lexislación os mesmos, oportunistas reconvertidos para perpetuar os seus intereses, e continuaba actuando a policía e as bandas de ultradereita con gran violencia e absoluta impunidade legal, declarando cinicamente o goberno en xuño do 1976 a tortura nas comisarías como *materia reservada* (sic), incluída na mentada lei de secretos oficiais do 5 de Abril do 1968. Acertadamente, en xullo de 1976 unha modificación do Código Penal ampliou os dereitos de reunión, asociación e expresión e o *Tribunal de Orden Público* foi suprimido o 30 de Decembro do 1976. Preparando o futuro en outubro do 1977 editaron a *Ley de Amnistía 46/1977 ... para los delitos de rebelión, sedición y opinión anteriores al 15 de diciembre del 1976 ... Los de intencionalidad política anteriores al 6 de Octubre de 1977 ... en los que no hubiera violencia contra las personas*”, lei que no seu art. 22, ap.e-f foi aplicada tamén aos represores: *... los [delitos] cometidos por funcionarios de orden público en la investigación y persecución de los actos incluídos en esta ley ... y contra el ejercicio de los derechos de las personas*, consagrando dese xeito a súa impunidade. Asemade, en febreiro dese ano 1977 Rodolfo Martín Villa, ministro da Gobernación, ordenara, e reiterou nunha circular do mes de maio escudándose na citada Lei de Amnistía, o expurgo e a eliminación de gran parte dos arquivos policiais e da Guardia Civil sobre delitos políticos, dificultando dese xeito a investigación do franquismo ao que el e tantos outros servíran tan conspicuamente.

Fagamos **balance da represión** non mortal. É imposible facer a nómina completa de persoas asasinadas, detidas, despedidas, encarceradas, ao longo de tanto tempo .... Porén, unha revisión axeitada das fontes dá conta do número total de presos/as (só “presos” na documentación) segundo as estatísticas da *Dirección General de Prisiones*, e dende a creación do TOP sabemos o número de persoas que procesaron os dous xulgados dese tribunal (53.500) e as cifras de presos políticos con condena firme:

Xaneiro do 1940	.....	85.000 presos (270.000 cos Campos Concentración)
Xaneiro do 1943	.....	124.000 presos (contando Campos de Concentración)



Xaneiro do 1958	.....	15.000 presos
Xaneiro do 1963	.....	316 presos políticos
Xaneiro do 1969	.....	485 presos políticos
Xaneiro do 1972	.....	296 presos políticos
Xaneiro do 1973	.....	452 presos políticos
Xaneiro do 1974	.....	536 presos políticos
Xaneiro do 1975	.....	299 presos políticos
Xaneiro do 1976	.....	304 presos políticos (?)

Coido de interese citar a cativa **clemencia** dun réxime que raramente quixo ser xeneroso cos seus inimigos e foi ben compracente cos seus fieis, como vemos no Decreto do 29 de Setembro do 1939 concedendo amnistía ... a *los que actuaran en defensa de los ideales que provocaron el Glorioso Movimiento Nacional*, é dicir, exclusivamente a si mesmos. Para os vencidos, antes da citada *Ley de Amnistía* de outubro do 1977, sobre a que tornarei, houbera catorce indultos, todos parciais:

- Outubro do 1945, para os delitos de rebelión militar anteriores ao 1 de abril do 1939, exceptuando os de sangue ou violencia.
- Xullo do 1947, pola Lei de Sucesión. Redución dun cuarto nas penas menores .
- Decembro do 1949, polo Ano Santo. Redución das penas menores de 20 anos.
- Maio do 1952, polo Congreso Eucarístico de Barcelona. Redución varia para as penas menores de 25 anos.
- Xullo do 1954, polo Ano Santo. Redución varia para as penas menores de 30 anos.
- Outubro do 1958, pola elección do Papa. Redución varia para as penas menores de 20 anos agás as de pena de morte conmutada.
- Outubro do 1961, polo 25 cabodano da *exaltación de Franco a la Jefatura del Estado*. Indulto con redución varia aos condenados ata 20 anos e total para quen cumpriran 20 anos de condena.
- Xuño do 1963, pola elección do Papa. Indulto con redución varia aos condenados ata 20 anos, agás para os conmutados da pena de morte.

- Abril do 1964, polos *25 años de Paz*. Indulto incluíndo os conmutados da pena de morte, que pasan á pena inmediatamente menor.
- Xullo do 1965, polo Ano Santo. Indulto con reducións parciais.
- Novembro do 1966, extinción de responsabilidades anteriores a Xullo do 1936.
- Outubro do 1971, polo 35 cabodano da *“exaltación de Franco a la Jefatura del estado”*. Indulto con redución varia de penas agás aos conmutados da pena de morte.
- Decembro do 1975, pola morte de Francisco Franco, agás para os acusados de terrorismo.
- Xullo do 1976, indulto parcial.

A devandita *Ley de Amnistía* do 1977 foi unha lei de punto final, a primeira cristalización xurídica, baixo o acobillo da reconciliación, dun pacto de silenzos cómplices no que moitos gustan denominar “transición”, verdadeiramente o froito dos acordos entre unha esquerda tépeda que, cuase avergoñada do seu pasado democrático, non quería ofender aos “poderes fácticos” que citei máis atrás (o Exército, a Igrexa Católica, os grupos económicos beneficiados pola ditadura), e unha dereita civilizada (?) agrupada darredor da Monarquía. Na propia Constitución do 1978 ficou amarrada a Monarquía, os privilexios da igrexa católica, a bandeira *rojigualda*, a unidade de España co exército como seu garante, etcétera. Perpetuaron unha política conservadora e centralista, continuaron recibindo honores militares e eclesiásticos os vencedores do 1936 e os represores, conseguiron dificultar durante décadas a revisión democrática do pasado, manifestando que era de “mal gusto” investigar mesmo sobre a Sublevación militar-fascista, sobre os vencidos, sobre a resistencia ao franquismo ou sobre a represión; esa obstrución sufríamola os historiadores e quen querían recuperar a memoria republicana, galeguista, antifranquista.

E conclúo. Teño afirmado noutras ocasións que o coñecemento histórico debe ser entendido como elemento transformador, que o labor do historiador é construír unha visión relevante da historia para entender como o pasado afecta ao presente. Polo mesmo, segue sendo preciso traer ao presente a lembranza documentada da Galiza mártir, da Galiza resistente, máis tamén a da miña xeración, quen queríamos

redimir o silencio, ir do Ortegal ao Miño, de Poriño a Suarna, “do Courel a Compostela por terra liberada”.

**Bernardo Máiz** é Doutor en Historia Contemporánea e Catedrático de Ensino Medio no IES "Concepción Arenal" de Ferrol.

Ponencia presentada nas Xornadas “**O franquismo contemporáneo: memoria e secuelas**” organizadas pola Fundación Galiza Sempre en Santiago de Compostela en Outubro de 2007.

Nota do autor

A PRIMEIRA PARTE DESTE TEXTO FOI MODIFICADA PARA SER USADA COMO BASE DA PONENCIA **A LEXISLACIÓN REPRESIVA, DO “BANDO DE GUERRA” (1936) AO TOP (1963)**, PRESENTADA NO CONGRESO “**A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA GALEGA**”, A CORUÑA, XANEIRO DO 2009, ACTAS EDITADAS NO 2012 POLA Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica d’A Coruña.